



MANIFESTO DO 17 DE OUTUBRO 2015

Día internacional para a erradicación da pobreza

As persoas primeiro

Non abundan as palabras: Queremos compromisos!

No 17 do outubro, Día Internacional para a Erradicación da Pobreza, queremos achegar a Valedora do Pobo, as forzas políticas do noso Parlamento e á sociedade galega en xeral as nosas voces e conclusións froito da implicación nas diferentes xuntanzas de participación a nivel galego, estatal e Europeo.

Porque a nós non nos exclúe ninguén e a participación social e política funciona, unha vez máis falamos dos nosos deberes como cidadáns e demandamos os nosos dereitos no VI Encontro Galego de Participación e Cidadanía inclusiva.

Baixo o lema da campaña “**Concellos ao servizo das persoas**”, as forzas políticas candidatas ás eleccións municipais coñeceron datos obxectivos sobre a pobreza nos diferentes concellos galegos, así como a indigna “lotería social” dos baixos recursos destinados a combatela en moitos deles.

Daquela como agora esiximos **Compromiso** (en orzamentos e planificación estable), **Coordinación** entre as administracións públicas e as organizacións sociais e unha **loita contra as causas da pobreza** e pola inclusión activa, moi lonxe do asistencialismo.

“**Somos persoas, non zombis**” resumía unha persoa xa con fogar contándonos como comezou a deixar de vivir na rúa.



Ter información veraz, debates mais próximos, eliminar privilexios e potenciar dereitos dando, deste xeito, máis voz ao pobo. Facer que as administracións estean de verdade ao servizo das persoas, nestes tempos onde a precariedade laboral, falla de recursos, recortes nos servizos sociais básicos e carencia de vivendas dignas, seguen sendo problemas da vida cotiá de moitas persoas, no só en Galicia senón tamén en toda España e Europa.

Non estamos sos, nas primeiras Xornadas Ibéricas sobre Participación en Guarda (Portugal), descubrimos os “consello de cidadáns” como un claro exemplo de participación das persoas en risco de pobreza e exclusión na vida social, política e económica.

Somos cidadanía activa e como tal, reclamamos e defendemos os nosos dereitos, reivindicamos o noso espazo e **propoñemos medidas** que cremos farán posible una sociedade máis xusta para todos e todas.

- Garantir unha renda mínima (en Galicia a RISGA) para quen a precise. Evitando a burocratización e os elevados retrasos na súa xestión local e autonómica.
- Transparencia nas actuacións das administracións públicas a nivel local, autonómico e estatal.
- Compromiso a hora de facer fronte aos déficits actuais en materia de sanidade, educación : bolsas do comedor, material escolar, medicamentos, etc.
- Vontade e compromiso en materia de emprego, priorizando as persoas en risco de pobreza e exclusión social.



- Loita activa e real contra o fraude fiscal e a corrupción. Esixindo responsabilidades inmediatas e non queden impunes os corruptos.
- Facer que sexan compatibles as axudas e prestacións coa formación (con axuda de bolsa) e o emprego.
- Garantir como dereito activo o acceso a unha vivenda digna, xerando fondos de vivendas no alugueiro e garantir teito digno ás persoas que sufriron desaloxos.

Este derradeiro punto quedou claro no Encontro estatal de participación “*Vivenda e persoas sen fogar*” en Barcelona, o pasado mes de setembro. A prioridade é loitar contra o senfogarismo e reivindicar dunha vez o dereito a unha vivenda digna, proclamado no artigo 47 da Constitución Española, xa que **“Unha persoa non pode vivir sen teito, pero tampouco pode ter unha vida digna sen fogar”**.

Próximos a celebrar en Bruselas o Seminario Europeo de persoas en risco de exclusión, ante a Comisión Europea loitarase por unha revisión das políticas sociais, acollida sensata e coherente das persoas refuxiadas, cumprimento da Estratexia Europa 2020 e unha directiva comunitaria de rendas mínimas para unha Europa igualitaria.

As palabras e as boas intencións xa non abundan.

Cunha pobreza e desigualdade cada vez máis extremas e crónicas, son necesarias accións concretas que muden dunha vez a realidade, con compromisos serios dos poderes políticos.

Somos positivos e seguiremos a loitar polo que queremos: unha sociedade libre da pobreza e exclusión.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2015